

Resolución do tribunal de selección, designado para cualificar o proceso de selección para a cobertura do posto de director/a de Profesionalización na Axencia de Turismo de Galicia, pola que se fai pública a valoración provisional do plan de actuación previsto na base oitava recollida na Resolución do 24 de outubro de 2023 pola que se anuncia a convocatoria do devandito posto.

En sesión que tivo lugar o 4 de xaneiro de 2024, o tribunal nomeado por Resolución do 13 de decembro de 2023, para avaliar o proceso de selección para a cobertura do posto de director/a de Profesionalización,

ACORDOU:

Primeiro. Facer pública, como anexo a esta resolución, a valoración provisional do apartado do plan de actuación previsto no apartado 1.2 da base oitava, da Resolución do 24 de outubro de 2023.

Segundo. Tal como figura na base oitava, as persoas aspirantes disporán dun prazo de tres días hábiles, contados desde o seguinte ao da súa publicación no portal web, para presentaren as reclamacións que consideren oportunas.

As reclamacións presentaranse por medios electrónicos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (código de procedemento xenérico PR004A) <https://sede.xunta.gal>; no Rexistro da Axencia de Turismo de Galicia (A Barcia, estrada Santiago-Noia, km. 3, 15897 Santiago de Compostela), ou nas oficinas previstas no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Neste caso deberá remitirse unha copia escaneada da reclamación presentada ao seguinte enderezo electrónico: xuridico.turismo@xunta.gal, e antes da finalización do prazo de presentación das reclamacións.

Santiago de Compostela, data da sinatura dixital

O presidente

Guillermo C. Otero Piñeyro-Maseda



ANEXO

Puntuacións provisionais do plan de actuación para a Dirección de Profesionalización do proceso de selección para a cobertura do posto de persoal directivo da Axencia de Turismo de Galicia

CÓDIGO: PX.A20.00.005.15770.001

DENOMINACIÓN: director/a de Profesionalización

ANO DA CONVOCATORIA: 2023

PUBLICACIÓN DA CONVOCATORIA: DOG núm. 208, do 2 de novembro de 2023

DATA DE PUBLICACIÓN DA LISTAXE: 04.01.2024

APELIDOS, NOME	NIF	PLAN DE ACTUACIÓN
Paz Gestoso, José	***5424**	27

